

BASES DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2019

PRIMEIRA.- Este concurso consiste en realizar o deseño dunha postal de Nadal.

SEGUNDA.- O concurso está dirixido a nenos e nenas de entre 3 a 14 anos alumnos/as do C.P.I de Castroverde. Haberá 5 categorías individuais:

- 1ª categoría: dirixida a alumnos de infantil.
- 2ª categoría: dirixida a alumnos/as de 1º e 2º de primaria
- 3ª categoría: dirixida a alumnos/as de 3º e 4º de primaria
- 4ª categoría: dirixida a alumnos/as de 5º e 6º de primaria
- 5ª categoría: dirixida a alumnos/as de 1º e 2º da ESO.

TERCEIRA.- os deseños deberán facerse a man, en papel ou cartolina e de máximo terán tamaño A4 , podendo só presentar un traballo por alumno.

CUARTA.- Os traballos deberán presentarse como data límite ata o xoves día 19 de decembro na Secretaría do C.P.I de Castroverde.

QUINTA.- Será necesario que pola parte da atrás de cada traballo se especifiquen os seguintes datos: Nome e apelidos do autor, domicilio, data de nacemento, curso académico, teléfono e sinatura.

SEXTA.- O xurado estará composto por varias persoas expertas na materia.

SÉTIMA: PUBLICACIÓN DOS GAÑADORES DO CONCURSO:

No cartel anunciador da Cabalgata serán publicados os nomes e apelidos e o curso académico dos gañadores do Concurso así como tamén unha pequena fotografía dos seus deseños.

OITAVA.- PREMIOS:

Por cada categoría haberá un premio sorpresa, que será para os autores dos deseños mais valorados polo xurado. Os premios serán entregados o día 5 de xaneiro no Pavillón Polideportivo Municipal coincidindo coa Cabalgata de Reis.

NOVENA.- A participación neste concurso implica a aceptación destas bases e a cesión ó Concello de Castroverde dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre os traballos presentados previstos na lexislación sobre a Propiedade ou a súa edición dixital, así como calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual.

DÉCIMA.- *“De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e/ou dos do menor (nos seu caso) é o Concello de Castroverde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castroverde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de Postais organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán (excepto no dito na cláusula sétima), salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>*